



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES "Maximino Romero de Lema"
☎ 981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
✉ ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

MEMORIA DO “PROXECTO REGUEIFESTA”

PREMIO Á INNOVACIÓN DE PROXECTOS DE NORMALIZACIÓN E
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Curso 2015 - 2016

IES Maximino Romero de Lema, Baio.
IES Marco do Camballón, Vila de Cruces.

1.- Descrición xeral do proxecto:

1.1.- Obxectivos propostos e grao de consecución

1.2.- Implicación do centro e da comunidade educativa

1.3.- Desenvolvemento das actividades previstas e realización efectiva

1.4.- Principais materiais elaborados

1.5.- Acordos asumidos en relación ao currículo ou coa organización do centro en relación á aplicación do proxecto

1.6.- Outros aspectos relevantes

2.- Obxectivos: Análise de cada obxectivo incluído e valoración da súa consecución ou non consecución.

3.- Valoración da implicación e participación no proxecto, especialmente nos acordos e contidos.

4.- Resultados das actividades:

4.1. Para a promoción da lingua galega

4.2. Para a comunidade educativa

4.3. Para a mellora dos procesos de formación / aprendizaxe

5.- Propostas de continuidade

6.- Conclusións

7. Anexos (I, IX e X)



1.- Descrición xeral do proxecto:

1.1.- Obxectivos propostos e grao de consecución:

Este proxecto superou as nosas expectativas en canto ao alcance dos obxectivos propostos inicialmente debido a tres factores principais:

- O alto grao de implicación dos axentes participantes, especialmente o alumnado e profesorado protagonistas do proxecto.
- A trascendencia social do proxecto, tanto dentro como fóra dos dous centros.
- O desenvolvemento de novas actividades que xurdiron durante o propio proceso de forma inesperada e que contribuíron a afianzar os obxectivos iniciais.
- A implicación de novos axentes que se sumaron ao proceso a medida que o proxecto avanzaba.

1.2.- Implicación do centro e da comunidade educativa

O Proxecto Regueifesta desenvolveuse ao longo de todo o curso, desde o primeiro ao último día de aulas, nos dous centros participantes cunha alta participación do alumnado – especialmente- e do profesorado implicado.

No IES Maximino Romero de Lema de Baio, o espazo de interacción co alumnado eran as aulas de “Artes Escénicas e Xestión Cultural” e –sobretudo- os recreos. O grupo de alumnado voluntario para participar no proxecto educativo era de diversas idades, polo tanto os espazos de lecer eran os momentos nos que podíamos comezar a traballar o proxecto. Por un lado, o grupo de gaitas “VintenBaio” realizou un traballo de recopilación e interpretación de melodías relacionadas coa regueifa. O alumnado de “Artes Escénicas e Xestión Cultural” programaron as diversas actividades realizadas no Centro e tamén produciron as diversas gravacións que se subiron ao blogue.

Comezamos a traballar a través do Whats App co alumnado de Vila de Cruces e xermola a comunicación regueifeira entre as dúas beiras. Un experimento socio-lingüístico-musical moi interesante, posto que o alumnado de Baio está máis familiarizado coa Regueifa pola

situación xeográfica na que se atopa, pero o de Vila de Cruces non tiñan referentes na comarca. A maiores, comezamos a traballar coa proposta de viaxe-intercambio entre Arratia e Baio-Cruces e o triángulo educativo fécchase en torno á motivación do encontro. Un encontro que está preparado polo profesorado dende setembro do 2015, pero que se vai fraguando ao longo do primeiro trimestre. Un punto de inflexión para que o alumnado entendera a dimensión do Bertzsolarismo en Euskadi foi o visionado do documental "Bertsolari". Unha peza audiovisual imprescindible para entender o fenómeno social da tradición oral en Euskal Herria.

Ao mesmo tempo que imos traballando e cumprindo os prazos coa programación de actividades conxunta entre Baio e Vila de Cruces, no noso centro realizamos varios obradoiros de Regueifa. Convidamos a Suso de Xornes, Ao Faraleiro, a Pinto e a Caruncho. Así pois, tentamos prender a chama da ilusión entre o alumnado para achegarse a un feito diferencial vivo na comarca. Unha expresión única de música e oralidade en estado puro.

No IES Marco do Camballón de Vila de Cruces o proxecto tiña como obxectivo inicial a implicación directa, activa do alumnado para se iniciar como regueifeiras e regueifeiros durante un proceso de aprendizaxe planificado. Na presentación do proxecto, en outubro, regueifou un regueifeiro. No Festival de Nadal subiron ao escenario dezaseis regueifeiras e regueifeiros. E a partir de aí a regueifa subiu aos escenario varias veces mais, na boca de alumnado de secundaria do noso instituto:

- Presentación do libro "Tattoos da Galiza"
- Regueifesta en Santiago de Compostela e Vila de Cruces.
- Regueibertso en Euskal Herria.
- Festival intercentros de música e tradición oral de Teo.
- Programa LUAR, da TVG, no especial Regueifa.

Ademais, as regueifeiras e regueifeiros do Camballón recibiron convites para regueifar en varios actos institucionais como na Homenaxe ás Irmandades da Fala, en Santiago de Compostela.

Vila de Cruces, sendo un territorio onde non se documenta a presenza da improvisación oral en verso, situouse grazas ao Proxecto Regueifesta como un concello que recuperou a regueifa con grande vitalidade. Se ben este é o resultado dun traballo de varios anos coa regueifa –especialmente por parte do departamento de lingua galega como contido da currículo de 3º da ESO- o impulso do Clube da Lingua que impulsou, através do propio alumnado, o Proxecto regueifesta foi fundamental para cumprir este obxectivo.

O profesorado colaborador, especialmente do departamento de lingua e literatura e da dirección do centro, con colaboracións puntuais doutros departamentos, como as profesoras do Ciclo de Atención a Persoas Dependentes e o grupo de traballo de Biblioteca, participou de forma activa en diferentes momentos do proxecto.

Así mesmo, contamos coa colaboración das familias do alumnado implicado (tanto de Baio como das Cruces), na organización de diferentes actividades, especialmente durante o intercambio co alumnado vasco dentro do Proxecto Regueibertso.

Así mesmo, no IES Arratia BHI estiveron implicados Hektor (director), Juantxu (profesor e coordinador de Euskera), Ibon (Vicedirector) e Lur (Orientadora e coordinadora do proxecto en Euskal Herría).

A maiores, da Bizkaiko Bertsozale Elkartea están Eli (profesora de Bertsolaritza) e Iñaki (profesor de Bertsolaritza).

O equipo do proxecto contou coa participación de dúas regueifeiras novas, Alba María e Sara Marchena, que participaron na Regueifesta en Compostela e na viaxe a Euskal Herria, onde formaron parte de todas as actividades.

Diferentes artistas colaboraron no proxecto: Sés, Guadi Galego, Sofía Tarela, Xurxo Souto, Xairo de Herbón, Esther Porrit...

1.3.- Desenvolvemento das actividades previstas e realización efectiva

- Crear unha conta de Whats App (coa autorización das familias) entre o alumnado de Baio e Vila de Cruces para comezar a traballar a regueifa de xeito "virtual". Baixo a supervisión do profesorado e activistas da regueifa, pretendemos fomentar unha ferramenta de comunicación interna para a organización, intercambio e autoxestión do proxecto através das novas tecnoloxías.

REALIZADO

- Presentación do Proxecto "Regueifesta": Biblioteca Anxo Casal de Santiago de Compostela. Xornadas de Tradición Oral. (6 de novembro de 2015)

REALIZADO

http://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2015/11/06/proxecto-regueifesta-santiago/0003_201511C6C7993.htm

.- Actividade de convivio entre o alumnado do IES Maximino Romero e o IES Marco do Camballón. Os compoñentes do grupo de traballo coñécense por primeira vez. Realízase unha actividade conxunta de regueifa por whats app no Museo do Pobo Galego, con elementos do propio museo. Primeira regueifa co alumnado e dúas regueifeiras: Alba Maria e Sara Marchena. (6 de novembro de 2015)

REALIZADO

- Primeiros pasos para a creación dunha rede de colaboración entre diversos axentes sociais vinculados ao movemento social da Regueifa:

Xurxo Souto, Sés, Xairo de Herbón, a Señora Aurora de Baio, Sofía Tarela, Guadi Galego, Alba Maria, Sara Marchena. (Outubro-Novembro 2015)

REALIZADO

.- Establecer contactos e colaboración con outros colectivos participantes no Movemento Social da Regueifa: Grupo de Tradición Oral da Asociación de Escritores e Escritoras Galegas (AELGA), Asociación de Improvisación ORAL, Escola de Ensino Galego Semente, CTNL, CENDL, Concello de Zas, Concello de Vila de Cruces, Concello de Santiago de Compostela...(Setembro 2015 - Maio 2016)

REALIZADO E IMPLEMENTADO

Realizamos unha reunión de traballo sobre o proceso de revitalización da regueifa que reuníu algúns dos principais axentes e colectivos que están a traballar na regueifa. Nesa mesa redonda, celebrada no Museo do Pobo Galego, participaron:

Alba Maria, Mini e Mero, Marta Souto, Servizo de Lingua do Concello de Vigo, , Rosa Moreiras, técnica do concello de Ames, César Cambeiro, Carlos Gómez, da Asociación ORAL, Chito Pinheiro, da Central Folque, Elias Torres, profesor universitario e activista da escola Semente, Sofia Tarela, regueifeira, Lidia Botana-Bolboreta., música, Bernardo Penabade, profesor, Beatriz García, profesora, Manolo Maseda e Séchu Sende como coordinadores. Excusaron a súa ausencia por diversos motivos: Mercedes Queixas, da Asociación de Escritores e escritoras en lingua galega, Nel Vidal, do ENL do Concello de Carballo, Antonio Reigosa, da sección de oralidade da AELGA, Garcia MC, rapeiro, e Pinto de Herbón, regueifeiro.

Esa mesa redonda tivo a seguinte orde do día:

1. Presentación do Proxecto Regueifesta
2. A situación social do bertolarismo no ensino de Euskal Herria.
3. Coloquio-Debate.

.- Creación dun blogue(Setembro 2015 - Xuño 2016)

REALIZADO

- Creación da canle de youtube "Regueifesta" (Setembro 2015 - Xuño 2016)

REALIZADO

https://www.youtube.com/channel/UCB6-_iTNx8Z8mdnFozBoUUA

- Creación de outras ferramentas en rede: facebook, instagram, twitter... (Setembro 2015 - Xuño 2016)

NON REALIZADO

- Participación do alumnado no Certame de Regueifas de Valadares, Vigo. Implicación das ANPAS. Participaron 30 alumnos/as dos dous centros. Participou no xurado Manolo Maseda(4 de marzo de 2016)

REALIZADO

- Acollida en Galiza dos alumnos de Euskal Herría. Realizamos un intercambio co IES de Arratia para fomentar as relacións entre o alumnado a través da regueifa e do bertso. Denominámolo Proxecto Regueibertso e transcorreu nas seguintes datas: 3,4,5,6 e 7 de Maio. Nós viaxamos a a Euskal Herria o 14,15,16 e 17 de Maio.

REALIZADO

.- Coordinación das Xornadas de Formación: A regueifa como recurso educativo e socializador para a comunidade educativa (12 de marzo de 2016)

NON REALIZADO

- Regueifesta Expansiva: I Certame de Regueifas en Baio, Vila de Cruces e Compostela (Maio de 2016)

REALIZADO

- Presentamos unha proposta do Proxecto nas Xornadas no CFR da Coruña (Maio 2016) *II Encontros de intercambio de experiencias educativas. Compartindo boas prácticas.*

REALIZADO

- Realizar unha proposta de guiión –conxuntamente co alumnado- para o programa televisivo “Luar” para a explicación do proxecto nos medios de comunicación de

masas. (Maio 2016) Con participación de alumnado de Baio e as Cruces e presentación do Proxecto Regueifesta e da Nova Regueifa, protagonizada, neste caso, por rapazas novas: Noa Guzmám, Nuria Penas, Esther Porritx, Alba María e Sara Marchena. O alumnado de Baio, o grupo VintenBaio, participou co tema “A regueifa está na mesa”

REALIZADO

Presentar unha ponencia no encontro de TICs de San Lázaro (CAFI) (Xuño 2016)

NON REALIZADO

Elaborar un xogo de barallo para a difusión da regueifa. (Setembro 2016)

POR REALIZAR.

A estas actividades previstas cómpre engadir outras que enriqueceron o proxecto:

- Excursión ao Courel e convivio co alumnado do CPI de Seoane, co tema central da regueifa e o brindo (forma de improvisación oral en verso do Courel)
- Participación de Regueifeiras e Regueifeiros no Festival Intercentros de Teo.
- Participación no Programa Luar.
- Obradoiro de regueifas no CEIP Apostol Santiago de Compostela, a cargo do profesor Xosé Luís González Sende.
- Gravación do disco “Ainda queda Xera” do grupo de gaitas VintenBaio
- Convidar ao alumnado de Cabo Verde de Burela á viaxe a Euskal Herría.
- Convidar ao alumnado de Bacharelato Artístico do IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela para interpretar a Regueifa.

1.4.- Principais materiais elaborados

Os principais materiais elaborados foron recursos audiovisuais, sonoros e fotográficos.

- Rexistro do proxecto en vídeo e difusión a través da rede social: Canle de Youtube.
- Difusión das actividades através do facebook do Clube da Língua.

- Difusión da Regueifesta nos medios de comunicación convencionais (prensa, TVG, radio) e medios non convencionais (xornais dixitais e rede social)

1.5.- Acordos asumidos en relación ao currículo ou coa organización do centro en relación á aplicación do proxecto.

Un dos obxectivos deste proxecto era a elaboración dunha proposta para que a regueifa se converta nunha materia de libre configuración de centro. E así o fixemos. Despois dun proceso de investigación e construción dun modelo pedagóxico propio, elaboramos o **CURRÍCULO DA MATERIA “REGUEIFA E IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO” (Anexo I)**

Esta nova materia xa está aprobada pola Inspección e a Xefatura Territorial para o IES Marco do Camballón, o curso que ven , e a raíz do Proxecto Regueifesta, este proceso de socialización da regueifa terá presenza como materia en segundo da ESO. Tamén no IES Maximino Romero de Lema de Baio terá presenza transversalmente na asignatura de libre configuración de Centro de música de primeiro da ESO e na de 2º da ESO.

Ademais, o curso que ven temos previsto enfocar o proxecto cara a formación de profesorado, para o que continuaremos a elaborar material facilitador para que outros centros se sumen á Regueifesta. O obxectivo final sería conseguir ofertar a materia como Materia de libre configuración autonómica.

1.6.- Outros aspectos relevantes

- Interésanos destacar que este proxecto está planificado a medio-longo prazo. Isto foi un primeiro paso.
- Este primeiro ano de proxecto conxunto entre dous centros ten como obxectivo volveuse un proxecto EXPANSIVO, que atinxa a máis centros. Despois do traballo durante este curso prevemos que no segundo ano poden sumarse varios centros ao Proxecto Regueifesta.

- A actividade de intercambio co centro escolar de Euskal Herria tivo uns resultados moi satisfactorios, e calificamos esta experiencia como sobresaliente.
- O Proxecto foi moi ben recibido polas institucións, polo seu carácter dinamizador da lingua entre a mocidade, máis alá da educación formal.
- O Proxecto tivo unha repercusión social considerábel e, mais alá da aparición nos media, a regueifa comezou a ocupar un novo espazo de creación cultural que, xunto a outras iniciativas do que damos en chamar Movemento Social da Regueifa. O máis importante é que foi impulsado polo noso alumando de forma activa, e que aprenderon significativamente a crear, nun proceso de participación social complexo, unha nova tendencia social axeitada a un novo contexto social: A Regueifa.
- O vindeiro curso tentaremos seguir traballando e buscando novos modelos educativos en outras zonas que traballen pola revitalización da tradición oral. Así pois, buscaremos parceiros no norte de Portugal, Madeira, Catalunya...

2.- Obxectivos: Análise de cada obxectivo, incluído e valoración da súa consecución ou non consecución.

.- Relacionar as raíces tradicionais da nosa identidade, chegadas do pasado ao presente, coas novas tendencias, de vangarda, tecnolóxicas, de relación social, expresivas, da xente máis nova.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: O alumnado fixo traballo de campo en Baio e Cabana de Bergantiños. Investigou no Courel sobre os brindos, participou en regueifas con regueifeiros tradicionais e con regueifeiras novas.

.- Modernizar o imaxinario cultural da xente nova participante, creando novos espazos, ferramentas e temas de socialización e relacións interpersoais.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: Destacamos o proceso de participación através das redes sociais e a renovación de temas e valores da regueifa que, na Regueifesta, visibilizou unha "Regueifa Feminista", por exemplo.

.- Fomentar o principio de aprender xogando ou xogar aprendendo, coa festa e o lúdico como estimulantes e motores da aprendizaxe.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: Este tipo de actividades grupais son ideais para integrar a alumnado con NEE, posto que o grupo realmente se forma como un concepto de familia acolledora.

.- Pór en valor que as persoas participantes sexan protagonistas do proceso de aprendizaxe, creando un proceso de experiencias vividas de forma significativa con valores, actitudes e motivacións como motores de mudanzas persoais e colectivas.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: A ferramenta da autoestima é o motor da aprendizaxe significativa. Conseguir que o alumnado sinta que forma parte dun proxecto educativo transformador de forma activa é vital para conseguir o éxito do proceso.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Maximino Romero de Lema"
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



.- Fornecer de recursos á rede de profesorado interesada na promoción dunha forma de traballo popular, dunha escola aberta á sociedade, e dunha sociedade aberta á escola.

OBXECTIVO EN PROCESO: Estamos na fase de investigación para a elaboración de materiais.

.- Promover a regueifa como forma de comunicación entre a xente nova.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: O primeiro achegamento a traves do Whats App foi unha estratexia un tanto arriscada, posto que podería saír ben ou mal. Mesturar tradición e modernidade, neste caso en concreto, foi un acerto ao noso parecer. De feito o grupo segue vivo e xa hai 100 participantes.

.- Crear espazos en galego para a expresión e a creatividade entre a xente nova.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: Desde a creación do wassap até a experiencia do convívio en Euskal Herria, a regueifa ocupou o espazo de ocio e tempo libre do noso alumnado.

.- Identificar a lingua galega cunha actividade lúdica e creadora de relacións sociais entre a mocidade.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: Somos conscientes que o alumnado participante na actividade comezou con algunhas reservas en canto ao uso da lingua como ferramenta de uso multidisciplinar. Hoxe podemos dicir que, neste grupo, este prexuízo está amplamente superado.

.- Actualizar os referentes socioculturais da lingua, convertendo un xogo oral tradicional nunha novidade ou innovación social.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: o alumnado foi consciente de que traballaron coa tradición para actualizala e que iso o fixeron elas e eles.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Maximino Romero de Lema"
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



.- Transmitir actitudes, motivacións e estímulos que favorezan a creación de novos usos e espazos en galego.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: Consegur que o alumnado regueife en público (ou incluso na televisión) é un reflexo da superación a través da motivación.

.- Modernizar a propia regueifa e a lingua galega coas aportacións das xeracións máis novas.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: Foi especialmente importante o contraste entre as xeracións de regueifeiros maiores (con valores máis tradicionais) e a nova regueifa da Regueifesta, con valores de mundanza social: feminismo, ecoloxía, etc.

.- Colaborar co movemento pro-regueifa que fomenta a participación social desde a base.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: Este punto parécenos especialmente importante, porque conseguimos que o mundo da regueifa –activistas, artistas, afeccionados, institucións, empresas de xestión cultural- participasen do noso proxecto que se sumou a esa corrente de revitalización da improvisación oral en verso.

.- Visualizar publicamente a normalidade da relación entre xente nova e lingua galega, valorando o protagonismo das novas xeracións no proceso de revitalización do noso idioma.

OBXECTIVO CONSEGUIDO: O traballo realizado durante este ano no Proxecto Regueifesta é unha clara posta en valor do traballo activo e activista de un alumnado comprometido voluntariamente cun proceso de revitalización da nosa lingua.



3. - Valoración da implicación e participación no proxecto, especialmente nos acordos e contidos.

Valoramos como excelente a implicación do proxecto dos diferentes axentes, especialmente o alumnado.

4. Resultados das actividades:

4.1. Para a promoción da lingua galega.

O noso alumnado tivo a oportunidade de vivir en primeira persoa un proceso de mudanza social, sendo protagonistas dunha dinámica de creación e difusión dun novo tema para a sociedade: *a revitalización da regueifa por parte da xente nova.*

Esta experiencia, vivir con normalidade un proceso de actualización dunha forma de expresión tradicional e volvela exemplo de modernidade supón, para nós, unha vivencia de normalización da lingua galega moi valiosa.

4.2. Para a comunidade educativa.

A comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado, persoal non docente) vive este proxecto de forma activa, participando, e pasiva, observando. Mais, en todo caso, polo xeral recoñecen o valor dun proxecto experimental de renovación pedagóxica como este.

4.3. Para a mellora os procesos de formación / aprendizaxe.

Este curso foi unha descuberta para a xente que impulsou este proxecto. Descubrimos as potencialidades que ten a regueifa para a mellora dos procesos de ensino aprendizaxe.

Por exemplo, unha profesora de bioloxía ofertou ao alumnado poder examinarse regueifando. Ou diferentes compañeiras e compañeiros doutros centros mostraron o seu interese pola regueifa para traballar co seu alumnado.

Descubrimos a importancia de relacionar, através da regueifa, a vida dentro do centro escolar con experiencias extraescolares.

Descubrimos a potencialidade da regueifa para aprender gozando, e gozar aprendendo, pois o aspecto lúdico e potenciador de relacións sociais é moi importante neste eido.

Por outro lado, sinalamos a continuación os obxectivos iniciais para a mellora dos procesos de formación e aprendizaxe. (Todos estes obxectivos foron traballados durante este curso) *O Proxecto Regueifesta ten como obxectivos directamente relacionados co proceso de ensino e aprendizaxe:*

.- O desenvolvemento de habilidades e competencias comunicativas orais, lingüísticas, musicais e non verbais.

.- A participación directa por parte do alumnado no deseño dun proxecto de PRODUCCIÓN dunha nova idea, novos valores e novos comportamentos, co obxectivo de crear unha mudanza social: introducir a regueifa no mundo do ensino e en ámbitos da xente nova.

.- A xestión directa do proceso de comunicación en varios campos: redes sociais, prensa convencional, prensa dixital, radio e televisión.

.- A elaboración de textos orais e escritos adecuados a diferentes necesidades comunicativas do proxecto: presentación do proxecto, dinamización do happening da regueifa, conversas telefónicas con prensa, participación en programas de TV, conferencias en público, creación de notas de prensa, etc.

.- A resposta a prexuízos contra o galego e o fomento da autoestima coa valoración do propio, especialmente do sentimento de pertenza á comunidade galego-falante e a revaloración da lingua galega como ferramenta de desenvolvemento persoal e coletivo, e difusión da lingua a ámbitos non galego-falantes habituais.

.- O fomento do traballo en grupo, através de dinámicas colaborativas dentro do noso instituto e con outros axentes educativos e sociais."

5.- Propostas de continuidade.

O vindeiro curso continuaremos a segunda fase do Proxecto Regueifesta que continuará a ser impulsado polos nosos dous centros e, agardamos, outros centros interesados.

Como xa comentamos con anterioridade, está aprobada a materia de libre configuración de Centro “Regueifa e improvisación oral en verso”, como materia optativa de centro en 2º da Eso no IES Marco do Camballón.

No noso proxecto sinalabamos algunhas actuacións que temos previsto implementar a medio longo prazo. Destamos estas sete iniciativas, que xa iniciamos durante este proceso:

.- Inicio dun proceso de dous anos de investigación e realización para a difusión e divulgación dun “Manual escolar da Regueifa”. Este manual estaría dirixido a toda a comunidade escolar e colectivos e organizacións sociais interesadas (veciñanza, AACC, Locais Sociais...) Sobre o libro de estilo, podemos adiantar que tería catro dimensións fundamentais:

.- MUSICAL: Co obxectivo de facer unha transcripción dos diversos modelos bergantiñáns e os principais modelos galegos, facendo traballo de recollida de campo e aproveitar os traballos de recollida existentes.

.- LITERARIO: Co obxectivo de elaborar unha guía de métrica e rima; recompilar unha serie de frases típicas que se poden acoller dentro da nova Regueifa; ofrecer diferentes recursos lingüísticos e literarios para a creación de regueifas “modernas”.

.- TEMÁTICO: Co obxectivo de elaborar, difundir e socializar un decálogo de estilo baseado en valores sociais que fuxan de discriminacións tradicionais: sexismo, racismo, etc.

.- PEDAGÓXICO: Co obxectivo de construír materiais e técnicas que camiñen cara unha nova regueifa no eido educativo. Unha ferramenta de motivación para a creación de versos e música por parte do alumnado e o profesorado.

.- Tentar crear unha rede de formador/a de formadores/as. Artellar unha campaña desde os CEFORE e o CAFI para tentar ofertar formación para o profesorado interesado en empregar esta ferramenta didáctica nas aulas.

.- Deseño e realización dun documental divulgativo sobre o proceso de achegamento da regueifa á escola.

.- Gravación de bases musicais en estudio profesional (por músic@s profesionais) para deixar rexistro da diversidade melódica das/os regueifeir@s.

.- Tentar realizar contactos con diversos colectivos que empreguen a expresión oral e a improvisación para “regueifar” a través do skype (Repentistas do Brasil, Bertsolaris, Glosa Catalana...)

.- Elaborar unha proposta curricular para tentar expandir a regueifa e incluíla como “Materia de libre configuración de autonómica” no maior número de centros de Galiza. Esta proposta de asignatura deberá contar coa autorización pertinente da Inspección e da Xefatura Territorial.

.- Regueifa Expansiva. Sería moi interesante consensuar un día dentro do calendario escolar para potenciar a Regueifa nos Centros educativos. Poderíamos buscar algunha efeméride para consensuar a data coas persoas que coordinan a ORAL. Serviría para convidar a todos os Centros Educativos de Galiza a participar ese día do proxecto colaborativo. Poderíamos incluso buscar algún xeito tecnolóxico para centralizar a recollida de Regueifas (páxina web, blog...)”

6. Conclusións

O Proxecto Regueifesta sitúanos diante dun reto: a revitalización e socialización dunha forma de expresión moi vinculada á música e á tradición oral. Formamos parte dun movemento que impulsan asociacións, empresas, institucións e múltiples persoas, e sentimos que este proceso está a fortalecerse coa chegada das novas xeracións de regueifeiras e regueifeiros de Vigo, Vila de Cruces e Baio. Esperamos abrir outros camiños, especialmente na área do Deza, Bergantiños e Compostela.

O máis importante na nosa opinión: a vivencia en primeira persoa por parte do noso alumando dun proceso de participación social complexo que tiña un obxectivo prioritario: A normalización da lingua entre a xente nova.

Baio e Vila de Cruces, 28 de xuño de 2016

Coordenadores:

Asdo: Manuel Maseda Deán

Asdo: Xosé Luís Gonzalez Sende



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Maximino Romero de Lema"
☎ 981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
✉ ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



ANEXO I : CURRÍCULO DA MATERIA

“REGUEIFA E IMPROVISACIÓN ORAL EN VERSO”



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Maximino Romero de Lema"
☎ 981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
✉ ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



ANEXO IX: XUSTIFICACIÓN DE GASTOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Maximino Romero de Lema"
☎ 981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
✉ ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

ANEXO X: CERTIFICACIÓN DA DIRECCIÓN DE PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO